

PORTEO

EXPOSICIÓN FILATÉLICA

"XXV Aniversario do
Referéndum do Estatuto
de Autonomía de Galicia"

Ayuntamiento de La Coruña
Concello de A Coruña



SOCIEDADE FILATÉLICA DE A CORUÑA
SOCIEDAD FILATÉLICA DE LA CORUÑA

CAIXA GALICIA

EL PUERTO
CENTRO DE OCIO



SOCIEDADE FILATÉLICA DE A CORUÑA
SOCIEDAD FILATÉLICA DE LA CORUÑA

A Coruña, 17 al 31 de octubre de 2005
El Puerto Centro de Ocio

PORTEO

EXPOSICIÓN FILATÉLICA

"XXV Aniversario do
Referéndum do Estatuto
de Autonomía de Galicia"



SOCIEDADE FILATÉLICA DE A CORUÑA
SOCIEDAD FILATÉLICA DE LA CORUÑA

A Coruña, 17 al 31 de octubre de 2005
El Puerto Centro de Ocio

Índice

Comisións de traballo	2
Mataselos conmemorativo	2
Saluda del Alcalde de La Coruña	4
Sáude do Presidente da Deputación da Coruña	5
Sáude do Presidente da Sociedade Filatélica de A Coruña	6
Coleccións filatélicas	7
Entidades e Institucións colaboradoras	8
O Estatuto de Autonomía de Galicia na Filatelia	9
Selos perforados galegos	13
Necrolóxica	20

Comisións de traballo

Presidente	Antonio Lojo Pérez Luis Ríos Pardo Miguel Ángel Maestro Arias Serafín Álvarez Sobrino Felipe Ruiz Hernández Azucena Pan Palacios Joaquín Rivera Lourido Ramón Rivera Lourido
Deseño e Montaxe	José Luis Rey Barreiro Dióscoro de Vicente Gorjón Joaquín Ochoa Rodríguez
Deseño Mataselos	María Luisa de Deus Porta

MATASELOS CONMEMORATIVO

Mataselos concedido pola Sociedad Estatal de Correos y Telégrafos



Saluda del Alcalde de La Coruña



La Sociedad Filatélica de La Coruña vuelve a ser protagonista en nuestra ciudad con una exposición de evidente actualidad, como es la próxima celebración del 25 aniversario del Estatuto de Autonomía. Una vez más, a través de los sellos y otros documentos filatélicos nos ofrece a todos los coruñeses la posibilidad de dar un paseo por nuestra historia reciente y hacer, al mismo tiempo, un repaso del devenir político en la Galicia moderna.

El próximo año, Galicia celebrará el septuagésimo aniversario de la aprobación del primer Estatuto de Autonomía y, al mismo tiempo, celebrará también el vigésimo quinto aniversario del texto en vigor. Por tanto, la muestra que organiza la Sociedad Filatélica en colaboración con el Ayuntamiento de La Coruña es una oportunidad única para realizar un acercamiento a la historia de la autonomía gallega, refrescar la memoria, hacer balance de los logros alcanzados y ponernos en situación ante el debate que ahora se abre.

Por ello animo a todos los coruñeses a visitar esta exposición en la que podrán conocer una parte de nuestra historia y, a la vez, reconocer el papel que juega la filatelia en la sociedad, pues los sellos permiten comunicarnos pero también ser testigos, en pequeño formato, de la sociedad en la que vivimos. En esta ocasión recogen en un reducido tamaño un momento clave para Galicia, como fue la consecución de un estatuto de autonomía, en cuya redacción me siento orgulloso de haber participado.

La muestra se celebra en un escenario que ya es casi habitual para los coruñeses, pese a su corta vida. Apenas unos meses después de su inauguración, el Centro de Ocio del Puerto ya es un punto de encuentro para los ciudadanos, por lo que es el espacio idóneo para presentar esta exposición.

Francisco Vázquez Vázquez
Alcalde de La Coruña



Saúda do Presidente da Deputación da Coruña

Entre as súas múltiples actividades, a Sociedade Filatélica da Coruña realiza durante este mes de outubro unha exposición adicada ó 25 aniversario do Referéndum do Estatuto de Autonomía de Galicia co obxectivo de achegar o coñecemento deste amplio e fermoso mundo do colecciónismo á sociedade e de conmemorar o momento histórico da aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981, que estableceu o marco democrático de solidaridade e convivencia entre os galegos que disfrutamos hoxe en día.

A través dos selos, de diferentes datas e motivos, podemos achegarnos un pouco máis á historia, á arte, á cultura, ós persoaxes, ó xeito de pensar e de ser de cada sociedade, de cada época e de cada lugar. É por iso que o filatelismo, máis que só unha afección, é unha porta aberta ó coñecemento do pasado que, a través de publicacións, actividades e mostras como as organizadas por esta entidade, estou seguro que engaiolará a máis dun visitante.

Quero, dende estas liñas, rematar felicitando ós integrantes e á directiva da Sociedade Filatélica da Coruña, polos seus máis de 50 anos de historia e polo importante labor están a desenvolver na difusión destas actividades, e suliñar o compromiso e afán de colaboración da Deputación da Coruña con asociacións que, como ésta, traballan co obxectivo de espallar a cultura e o coñecemento da historia entre os cidadáns da nosa provincia.

Salvador Fernández Moreira
Presidente da Deputación da Coruña

Saúda do Presidente da Sociedade Filatélica de A Coruña



Neste ano 2005, no que os Galegos celebramos o 25º Aniversario do noso Estatuto de Autonomía, A Sociedade Filatélica de A Coruña, sumase, case que antes que ningún, á celebración do devandito aniversario.

Adiantandonos as nosas propias previsions en dous meses, levamos a cabo unha Exposición Filatélica co título "25º Aniversario do Estatuto de Autonomía de Galicia", aproveitando a espaciosa sala que "EL PUERTO CENTRO DE OCIO" puso xenerosamente ó noso dispor para a celebración da Exposición Xuvenil "LOS LUNNIS".

Podemos afirmar sen temor a equivocarnos, que neste ano fixemos da Coruña, a Capital Filatélica, a lo menos de España. Catro Exposicions (ou tres mais unha colaboración no Salón do Comic, para ser mais exactos), incluíndo un mes case que completo e continuo con duas de esas exposicións, creo que dan unha idea bastante aproximada do que somos capaces a facer nesta Cidade, os que formamos parte desta Sociedade.

Agradecemos especialmente o Concello e a Deputación, á receptividade que encontramos a nosa aportación cultural na Coruña, e tanto a nivel institucional coma empresarial, nos axudan a levar a cabo os nosos proxectos, e os que esperamos desenvolver nos dous próximos anos, nos que dexesamos a lo menos, manter na Coruña o nivel deste 2005.

Benvidos, que disfruten cas coleccións, e gracias a todos.

Antonio Lojo Pérez
Presidente da Sociedade Filatélica de A Coruña

Coleccións filatélicas


TEMA GALICIA

Andrés García Pascual	Galicia siglos XIX-XX. Marcas de Carterías
Andrés Mosquera Galán	Correo del Reino de Galicia siglos XVII á XIX
José Freijanes Domínguez	O Estatuto de Autonomía de Galicia
José Gutián Seijo	Toponimia de Galicia
Dióscoro de Cicente Gorjón	Autonomía
Dióscoro de Vicente Gorjón	Galicia en la Filatelia
Serafín Álvarez Sobrino	Matasellos de Exposiciones de Coruña
Víctor Rodríguez Alonso	Patrióticos de Galicia
Víctor Rodríguez Alonso	Galicia, Segunda República
José Manuel Barreiro García	A Galicia da Diáspora

FILATELIA XERAL

Alejandro Palacios Seijas	Los Abecedarios de Barcelona
Antonio Lojo Pérez	Tenis
Felipe Ruiz Hernández	Alemania
Bienvenido Mato Ronquete	Suiza
Luís Ríos Pardo	Sellos Perforados de España
Joaquín Ochoa Rodríguez	España 2000-2004
José Luis Rey Barreiro	Casa Real Británica
José Luis Rey Barreiro	Casa Real Italiana






Entidades e Institucións colaboradoras



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE



Ayuntamiento de La Coruña
Concello de A Coruña



O Estatuto de Autonomía de Galicia na Filatelia

José Manuel Barreiro García. Vicepresidente 1º Sociedade Filatélica de A Coruña

ARTIGO 1

1. Galicia, nacionalidade histórica, constitúese en Comunidade Autónoma para acceder ó seu autogoberno, de conformidade coa Constitución Española e co presente Estatuto, que é a súa norma institucional básica.

O 21 de decembro de 1.980 tivo lugar o Referéndum sobre o Estatuto de Autonomía. Ás 2 da mañá do día 22 o Ministerio do Interior facilitou os resultados que foron os seguintes:

Censo de votantes:	2.172.889
Votaron:	614.218
Votos afirmativos:	71,06%
Votos negativos:	20,84%
Votos en branco:	5,36%
Votos nulos:	2,66%
Abstención:	73,88%

O 17 de febreiro de 1.981 foi ratificado polo Congreso dos Deputados e un mes mais tarde polo Senado, sendo promulgado o 28 de abril do mesmo ano.

Para conmemorar a promulgación do Estatuto, a Autoridade Postal emitiu un selo conmemorativo.

O valor de este selo é de 12 pesetas e representa o mapa de Galicia, o escudo e a partitura do seu himno. A tirada foi de 10.000.000 de exemplares.




Para utilizar entre o 6 de xuño e o 6 de xullo de 1.981 Correos concedeu un rolete de propaganda a cada unha das capitais de provincia galegas e nas ciudades de Ferrol, Santiago de Compostela e Vigo. Os roletes amosan a fachada das Casas do Concello das devanditas cidades.




Roleta de A Coruña



Roleta de Lugo



Roleta de Ourense



Roleta de Pontevedra



Roleta de Ferrol



Roleta de Santiago de Compostela



Roleta de Vigo

ARTIGO 6

2. Galicia ten himno e escudo de seu

Do mesmo xeito e o por mor da promulgación de Estatuto, ten lugar en A Coruña unha Exposición Filatélica dedicada ao Estatuto de Autonomía de Galicia, entre o 23 e o 30 de maio de 1.981. A Exposición conta cun matasellos conmemorativo que ten como motivo o Escudo do Reino de Galicia.



Estatuto de Autonomía
de Galicia - 1980



Finalmente e para dar razón filatélica ó numero 2 do artigo 6 do Estatuto, en Santiago de Compostela ten lugar outra Exposición Filatélica en homenaxe esta vez ó Himno Galego, no seu 75 Aniversario.




Este mataselos que mostra a Eduardo Pondal, autor da letra e a Pascual Veiga, autor da música de Himno Galego, foi utilizado entre os días 17 e 19 de maio de 1.981.

Selos perforados galegos

Luis Ríos Pardo. Vicepresidente 2º Sociedade Filatélica de A Coruña

A aparición dos selos de correos, tal como hoxendía os entendemos, foi o 1 de maio de 1840 en Gran Bretaña, áinda que estaba decretado que se puxesen en circulación o día 6. O primeiro levaba o busto de perfil da Raíña Victoria, custaba 1 penique e ao estar impreso en negro coñecíase polo nome de "black penny". Ideounos o británico Sir Rowland Hill, nado o 3 de decembro de 1795 e falecido o 27 de agosto de 1879. Esta aparición marcou o comezo do seu furto e pillaxe. A Administración Xeral de Sir Rowland Hill(1795-1879)




Sir Rowland Hill (1795-1879)

Correos de Gran Bretaña convertía os selos en diñeiro efectivo en calquera das súas oficinas, con tal de que estes se unisen en pares ou múltiplos más grandes. Por este servizo Correos cobraba unha comisión do 2,5 %. Utilizábanse tamén como moeda para realizar pequenos pagos.

O 27 de febreiro de 1868, Joseph Sloper, nado en 1813 e falecido o 18 de xuño de 1890, construtor, inventor e decorador, veciño do nº 35 de Oxford Street, no Condado de Middlesex, propuxo á Administración de Correos de Gran Bretaña a marca de iniciais nos selos de correos mediante perforacións, sistema da súa invención como método efectivo de protección contra o furto dos selos. Ao sistema que ofrecía outorgáronlle patente de privilexio nº 1985 con data de 1 de



Joseph Sloper (1813-1890)



setembro de 1858 para "cruce imborrable e marcado de cheques bancarios".

O 30 de maio de 1870 obtivo permiso para vender no extranxeiro o seu invento. Así comezou a época dos selos perforados en todo o mundo. As perforacións, identificadas co distintivo deseño, nos EEUU rondan as 6000. En Gran Bretaña 20000. En Alemaña 12.000, preto de 3000 en Francia e en España sobre 400.

O 31 de agosto de 1872 rematou o prazo de concesión da patente de invención a nome de Sr. Sloper, e o sistema pasou a dominio público.

En España a primeira autorización para perforar selos que se coñece é por Real Orden, rexistrada como noticia na Revista de Correos (publicación que cumpriu dende 1866 a 1894 o cometido do Boletín de Correos) con data de 11 de Janeiro de 1889, asinada polo Director Xeral de Correos, Angel Mansi, a favor do Banco de Crédito Lyonés para a súa sucursal de Barcelona.

A Unión Postal Universal no Congreso celebrado en Roma o 26 de maio de 1906 acordou facultar ás Administracións Postais a autorizar as perforacións de selos de correos.

A aparición das máquinas franqueadoras de cartas desprazou, paulatinamente, o uso do selo perforado como forma de control. A principios de 1988, en España, as concesións a particulares para perforar selos foron suspendidas temporalmente e só se permiten para exposicións filatélicas. A súa normativa publicase no Boletín Oficial de Comunicacións.

O colecciónismo de selos perforados é un aspecto máis da Historia Postal.

A Filatelia non está inactiva e encontrou nos selos perforados un novedoso estímulo. O noso afán colecciónista dentro da nosa afición filatélica invítanos a investigar e ampliar coñecementos.

Algúns selos perforados non foron protexidos por ordes nin rexistros na Dirección Xeral de Correos, non obstante utilizáronse e circularon. Descoñécese, evidentemente, a súa data de autorización e en moitas ocasións o seu remitente se non lle acompaña o sobre comercial. Anos máis tarde de circular, algunas perforacións foron legalizadas, así se demostrou polos selos utilizados, correspondente a emisións anteriores á súa data de permiso.


Procedeuse a clasificar as perforacións por épocas:

- Clásica: de 1889 ata abril de 1987.
- Moderna: a partir de abril de 1987.

Presentamos un conxunto de selos perforados utilizados en Galicia que amosan a súa calidade e beleza.

José Barro González

Automóviles. Fábrica de Chavín (Viveiro-Lugo). Perforación clásica. Autorización segundo BOC nº 339 do 1-5-1919 (Col. do autor).



J.B.

Sobriños de José Pastor

Casa fundada en 1776. Banco. A Coruña. Perforación clásica. Despois Banco Pastor. Descoñecida data de autorización (Col. do autor).



Banco Pastor

Casa fundada o 1-1-1925. A Coruña. Perforación clásica. Antes Sobriños de José Pastor. Descoñecida data de autorización. Perforado e sobre utilizado por particular (Col. do autor).



Banco Español do Río da Plata

A Coruña. Perforación clásica. Descoñecida data de autorización e data de fundación (Col. do autor).



BERP

Compañía Telefónica Nacional de España

Perforación para todas as administracións de España. Por Decreto Lei de 25-8-1924 o Estado otorgouelle a concesión do servizo telefónico de toda a península, con arreglo ao contrato. Perforación clásica. Autorización segundo DOC nº 1767 do 23-8-1930 (Col. do autor).



CTNE

Banco Hispano Americano

Constituído o 25-10-1900. Perforación clásica. Terceira perforación autorizada á mesma entidade segundo DOC nº 2021 do 16-6-1931 (Col. do autor).



B.H.A.

Banco da Coruña

A Coruña. Fundado o 8-12-1917. Perforación clásica. Descoñecida data de autorización (Col. do autor).



B.C.

Gabriel Nieto Nieto, S.A.

A Coruña. Colonials. Constituída o 27-12-1937. Perforación clásica. Autorización segundo DOC nº 625 do 30-12-1926 (Col. do autor).



G.N.

B.C.

Lugo. Perforación clásica. Descoñecido o titular e data de autorización para perforar (Col. do autor).



B.C.

Arturo Muñoz Rubio

Ferrol. Perforación moderna. Autorización segundo BOC nº 82 do 30-9-1988, válida exclusivamente para o 2-11-1988, 50 aniversario do nacemento de S. M. a Raíña Dona Sofía (Col. do autor).



02
88

NECROLÓXICA

O pasado día 1 de outubro faleceu en Madrid o que fora Socio Fundador da Sociedade Filatélica de A Coruña e primeiro Presidente da Federación Española de Sociedades Filatélicas, D. Angel Sánchez-Arévalo Sanz. Dende aquí dámolo noso mais sentido pésame a Feli, sua viuva e socia desta Sociedade.

Descanse en paz.

A Sociedade Filatélica de A Coruña.



20

PORTEO

Porteo es una marca registrada de la Sociedad Filatélica de A Coruña, con el patrocinio de

CAIXA GALICIA

Diseño gráfico y
maquetación:
mazairagrafismo, sl

Depósito Legal:
C-2.393/2005